


Tag Archives: María Lado

### Velenaria erótica de María Lado

Enviado o 15 Xaneiro 2012



[María Lado](#) é unha das voces poéticas máis refrescantes dos últimos lustros. Dende que nos sorprendera co visionarismo lúcido daquel a primeira visión hai xa quince anos ata os nosos días foron varias as ocasións nas que a súa palabra reflexiva e de aceirado veludo nos acompañou na crítica de casa atlántica, casa cabaret (2002), no evocador berlín (2005) e mesmo no insólito Nove (2008).

Pois ben, non hai moito Lado volvía aos dominios do verso sensual e amatorio cunha nova colección á que puxo o descritivo título de [Amantes](#), volume co que se alzou co V Premio de Poesía Erótica Illas Sisargas, organizado pola moi activa Asociación Cultural Caldeirón e o Concello de Malpica, que se está a consolidar como un dos máis interesantes certames temáticos de poesía en Galicia.

Amantes configúrase como unha galería de tipos, de modelos de amadores aos que describe lúbrica e dondamente a voz lírica feminina que protagoniza estes poemas. Desfilan, así, por estas páxinas o amante pescador, de humidades delicuescentes e cativadoras; o morgado namorado, coa pulsión telúrica da paixón enxertada na xema dos dedos; o querido orador, sabedor dos filtros engaioladores que conquistan o corpo pola palabra; o esposo Ulises, agardado por unha Penélope resolta e independente, só rendida polo fío umbilical do cariño profesado; o amor do punk, xenuíno e iconoclasta, alleo ás convencións do circo social; en fin, todo un mosaico de asedios amorosos nos que a relixión do corpo impón as súas urxencias e define as marxes do espírito por amor sublimado.

Deliciosamente narcóticos, os versos de *Amantes* inoculan un veleno doce que abraza na lectura e fai agromar, dende os adentros, latexos e emocións que renden a vontade.